



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de xuño de 2013

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/06/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/06/2013.
- III. Horarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso académico 2013-2014
- IV. Calendario de exames das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso académico 2013-2014

Ábrese a sesión ás 10 horas, na Aula de Grao da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de maio de 2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 23 de maio de 2013. Unha vez aprobada será posta na sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS de acceso restrinxido da web do centro.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ No consello de Goberno de 13 de xuño aprobáronse as seguintes declaracións de interese de títulos vinculados ao noso centro: Grao en Enxeñaría da Enerxía (modificación); Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos (modificación); Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (nova proposta); Máster en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel (modificación); Doutoramento en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria (modificación); Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural (nova proposta).
- ❖ Para o primeiro deles (Grao en Enxeñaría da Enerxía) fíxose a consulta a Vicerreitoría de Organización académica Profesorado e Titulacións sobre qué órgano debe aprobar as modificacións correspondentes. Convocados pola Vicerreitora a Dirección da E.T.S. E. de Minas e a Dirección da E.E.I. informáronse que a Xunta de Titulación creada ao efecto xa non tiña vixencia é que era a Xunta de Escola da E.T.S. E. de Minas o órgano competente.

Tal e como pon na Memoria do Título visible na nosa web o 2 de xuño de 2009, constituíuse o Grupo de Traballo para asesorar na elaboración a proposta do Grao en Enerxía, este grupo estaba formado por:



- *Presidente da Comisión de Titulación de Industriais: José Cidrás*
- *Representantes Dirección Minas: Pedro Arias, Enrique Granada*
- *Representantes Dirección Industriais: Eloy González, Jacobo Porteiro*
- *Representantes Departamentos: José Luís Míguez Tabarés (excepto na primeira reunión); Camilo José Carrillo González (excepto na primeira reunión); Javier Taboada; José María Correa*
- *Representantes Alumnos: Lara Álvarez, Iván Veleiro (excepto na primeira reunión)*
- *Representantes PAS: Ana Cacheiro*

Dicho Grupo de Traballo reuniuse nas seguintes datas, levantando acta de todas as sesións celebradas: 2 de Xuño de 2009, 11 de Xuño de 2009, 19 de Xuño de 2009, 25 de Xuño de 2009, 30 de Xuño de 2009, 2 de Xullo de 2009

Finalmente e tal e como se recolle no Procedemento Estratéxico PEC02 “Deseño da Oferta Formativa” do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro, tras o encargo do Reitor, débese constituír unha Xunta de Titulación que realice unha proposta dun novo título á respectiva Xunta de Centro e aos Órganos Competentes da Universidade de Vigo.

Neste caso, ao tratarse dunha proposta conxunta de titulación que xorde desde dous Centros:

*Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais*

Optouse pola constitución dunha Xunta de Titulación conxunta entre ambos os centros, que foi nomeada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 19 de novembro de 2009.

A composición de dita Xunta de Titulación é a que segue:

- *Un representante do Reitor que exercerá de presidente da Xunta de Titulación.*
- *Director de cada un dos Centros*
- *Un subdirector de cada un dos Centros*
- *Os directores dos Departamentos implicados na docencia do Grao:*
- *Departamento de enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente*
- *Departamento de enxeñaría eléctrica*
- *Departamento de enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos*
- *Departamento de enxeñaría química*
- *2 alumnos, un de cada centro.*
- *1 representante do PAS*

A Xunta de Titulación, ao longo das súas sesións, elaborou todos os puntos da memoria. Finalmente, a Xunta de Titulación deu a súa aprobación por unanimidade, ao borrador da Memoria do Grao o 23 de novembro de 2009.



De acordo co procedemento establecido polo Vicerreitorado de Titulacións e Convergencia Europea, publicouse na páxina Web do Vicerreitorado (de forma restrinxida para a comunidade universitaria), comunicándollo a todas as partes interesadas e abriuse un prazo de alegacións ata o 9 de decembro de 2009. As alegacións, despois de ser estudadas e informadas pola Xunta de Titulación, foron sometidas á consideración da Xunta de Escola, que aprobou a Memoria Definitiva do Grao o 18 de decembro de 2009.

Ademais na sesión extraordinaria de Xunta de Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial do 23 de Xullo de 2009 aprobouse por asentimento o punto do orde do día “Aprobación, se procede, da proposta emanada da E.T.S.E. de Enxeñaría de Minas dun Grao en Enxeñaría da Enerxía, en colaboración coas Escolas de Enxeñaría Industrial”.

Ademais Xunta de Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais do 24 de Xullo de 2009 aprobouse por unanimidade o punto do orde do día “Apoio á proposta do título de “Grao de Enxeñaría da Enerxía” conxunta coa ETSE de Minas. Aprobación se procede”. Na acta figura “O obxectivo é que dita titulación esté adscrita á Escola de Minas, pero poda ter un itinerario de minas, que ten atribucións no grao de minas, e outro máis industrial, que poda dar pao ao master de enxeñaría industrial”.

- ❖ Por todo elo esta Dirección propuxo na reunión coa Vicerreitora unha Comisión de Seguimento paritaria de ambas escolas. O pasado Martes 11 de xuño tratouse na Xunta de Escola da EEI o punto “Toma de decisións sobre a xestión conxunta do Grao en Enxeñaría da Enerxía ca Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Aprobación se procede”. A Dirección non ten constancia oficial dos acordos adoptados.
- ❖ O Martes 11 de xuño o Director e a Profesora Elena Alonso, Coordinadora de la Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Máster vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas, asistiron en Madrid a una Reunión de Escolas de Enxeñaría de Minas. Asistiu un 85% dos centros convidados. Presentáronse os graos que se están a impartir e as propostas de Máster en Enxeñaría de Minas. Esa información foi trasladada á mencionada Comisión e figura na correspondente acta.
- ❖ A Dirección foi convocada polo Reitor para tratar o seu posicionamento sobre as recentes movilizacións/manifestacións sobre a minería en Galicia. A Dirección manifestou a súa preocupación polo posible deterioro da imaxe da escola e pediu cautela a hora de tomar calquera acordo institucional. Para a Dirección trátase de situacións que deben ser resoltas a nivel técnico por profesionais competentes. En particular por profesorado universitario que pode acollerse baixo a súa responsabilidade ao artigo 83 da LOU.
- ❖ De acordo co noso compromiso electoral, no Claustro do pasado 17 de Xuño o Director presentou a súa candidatura a formar parte do Consello de Goberno por o sector Decanos e Directores de centro, non sendo finalmente elixido.



- ❖ A Dirección reuniuse co Decano-Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España xunto con varios membros da súa Xunta Directiva tentando intensificar a colaboración entre ambas partes.
- ❖ A Dirección reuniuse coa Responsable de xardinería e Zonas verdes da UVigo para planificar o plantado de vexetación no entorno do centro.
- ❖ A Dirección ten intención de levar a cabo un Acto de Graduación para los titulados do centro o próximo día 12 de xullo. Informarase con suficiente antelación dos detalles á comunidade do centro.
- ❖ A Dirección agradece aos membros da comunidade da escola a súa implicación na difusión formativa do centro. Este ano visitáronse 14 centros e a exposición itinerante pasou por 21 centros. Ademais das visitas na Semana da Ciencia recibíronse 7 centros vía SIOPE. Os participantes foron: María Araujo, José Benito Vázquez, Higinio Gonzalez Jorge, Carla Iglesias Comesaña, Iago Pozo, Javier Puga Alonso, Enrique Granada Alonso, Leandro R. Alejano, Elena Alonso Prieto, Fernando García Bastante, José Santiago Pozo Antonio, Jaime García Iglesias, Susana Lagüela, David Alvarez González, Ivan Puente, Natalia Caparrini, Carmen Pérez. Solicitase a mesma ou maior colaboración para o próximo curso académico. Aquelas persoas interesadas deben poñerse en contacto coa profesora Marta Cabeza.
- ❖ Atopáronse desmontados dous discos duros do servidor dos laboratorios informáticos do centro. Para evitar futuros inconvintes trasládase o servidor aos Servizos Centrais da UVigo. O Servizo de Seguridade está informado.

3. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2013-2014.

A Dirección pide desculpas por o retraso na publicidade previa dos horarios. A novidade máis salientable é a agrupación das materias de cuarto curso dos graos nas semanas de Xaneiro e Febreiro pensando en deixar máis tempo logo para a preparación do Traballo Fin de Grao e se fora o caso a realización de Prácticas en Empresas.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os horarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas que se achegan como anexo III a esta acta.

4. Modificación puntual, se procede, do calendario académico dos graos para o curso 2013-2014.

Debido ao mencionado agrupamento das materias de cuarto curso dos graos propónse a modificación puntual do calendario académico aprobado o pasado 23 de maio incluíndo para elas do 5 ao 12 Marzo os exames correspondentes.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar esta modificación puntual do calendario académico dos graos para o curso 2013-2014.



5. Aprobación, se procede, do calendario de exames para as titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2013-2014.

A Dirección pide desculpas por o retraso na publicidade previa dos exames.

Enviáronse con antelación o calendario de exames supervisado pola Subdirectora Carmen Pérez Pérez.

Recordase que “As datas, horario e se procede o lugar das probas de avaliación deberán ser recollidas na guía docente correspondente” de acordo coa proposta de calendario académico do curso 2013-2014 (Aprobado C.G. 07-05-2013). Calquera dúbida relacionada coas guías docentes pode ser resolta polos coordinadores dos graos, os profesores David Patiño e Carmen Pérez.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o calendario de exames das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas que se achegan como anexo IV a esta acta.

6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ao non terse presentado ningunha documentación se pasa ao seguinte punto da orde do día.

7. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezanove de xuño de dous mil trece.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 19/06/2013



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 19/06/2013



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 19/06/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Arias Sánchez, Pedro
6.	Eguía Oller, Pablo
7.	García Bastante, Fernando
8.	González Rodríguez, Elena
9.	Izquierdo Pazó, Milagros
10.	Liz Marzán, Eduardo
11.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
12.	Patiño Vilas, David
13.	Rivas Brea, Teresa
14.	Saavedra González, Ángeles
15.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	García Iglesias, Jaime
6.	González Bello, Marcos
7.	Juncal Rosales, Mariola
8.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
9.	Puga Alonso, Javier
10.	Vidal Fontenla, Alejandro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	51
Asistentes	26

Escusan a súa asistencia:

- Elena Alonso Prieto
- Antonio Correa Otero
- José Mª Correa Otero
- José María Lanaja del Busto
- Iván Veleiro Pinal



ANEXO III

Horarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso académico 2013-2014



ANEXO IV

Calendario de exames das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso académico 2013-2014